



XUNTA DE GALICIA

DELEGACION TERRITORIAL DE VIGO
Xefatura Territorial da Consellería do Mar

R./Concepción Arenal, 8, 4ª planta
36201 – Vigo
Tfno.: 986 817 128 Fax: 986 817 030

RESOLUCIÓN DO 30 DE XANEIRO DE 2018 DA XEFA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MAR EN VIGO POLA QUE SE PUBLICA A LISTA PROVISIONAL DE ASPIRANTES ADMITIDOS E EXCLUIDOS NO PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO AO PERMISO DE EXPLOTACIÓN NA MODALIDADE DE MARISQUEO A PÉ PARA O EXERCICIO DA ACTIVIDADE EXTRACTIVA NO ÁMBITO TERRITORIAL DA CONFRARÍA DE PESCADORES DE LOURIZÁN

Conforme co establecido na base II da Resolución do 3 de setembro de 2018 pola que se convoca o proceso selectivo para o acceso ao permiso de explotación na modalidade de marisqueo a pé no ámbito territorial da Confraría de pescadores de Lourizán, esta xefatura territorial

DISPÓN:

Primeiro. Faise pública a lista provisional ordenada alfabeticamente, coas persoas admitidas para o acceso ao permiso de explotación na modalidade de marisqueo a pé para o exercicio da actividade extractiva no ámbito territorial da Confraría de pescadores de Lourizán, e as persoas excluídas do proceso selectivo.

Segundo. Os aspirantes disporán dun prazo de quince (15) días hábiles, que se contarán desde o día seguinte ao que se publique esta resolución, para efectuar as alegacións que consideren oportunas. As alegacións que se presenten, non se contestarán expresamente de xeito individualizado, aínda que, de ser o caso, si se terán en conta para a puntuación definitiva.

Terceiro. Esta resolución publicarase no taboleiro de anuncios da Xefatura Territorial de Vigo e na páxina web <http://mar.xunta.gal>. Así mesmo, tamén se exporá, con carácter informativo, nos taboleiros de anuncios das Xefaturas Comarcais de Pontevedra e Vilagarcía de Arousa, así como no taboleiro de anuncios da Confraría de Lourizán.

Sonia Lorenzo Santos

Xefa territorial
Dolores Sánchez Gil
(Por delegación de firma R. 26/09/2017)
Xefa do Servizo de Competividade e Innovación Tecnolóxica